

[Encontro Sectorial Ensino da Unión de Cooperativas ESPAZOCOOP]

Programa Itinerario de Intercooperación 2022

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATA REALIZACIÓN	Sábado 7 de Maio de 2022	DURACIÓN	4 horas
HORARIO	10:00 – 14:00 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Adigna S. Coop. Galega-Colexio Abrente Estrada Adigna s/n 36979 Portonovo (Sanxenxo)		
PERSOA DE CONTACTO	Roberto Andrés Sanmartín (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	TELÉFONO	623301533
		E-MAIL	roberto@espazo.coop

FINALIDADE E OBXECTIVOS

- Presentar o Programa Itinerario de Intercooperación 2022
- Compartir entre as cooperativas asistentes cal e a situación actual en relación á aplicación da LOMLOE en Galicia, así como as novidades, datos de referencia e fitos a destacar no desenvolvemento da normativa, de cara a que os centros cooperativos de ensino teñan unhas liñas directrices á hora de traballar na súa organización interna.
- Coñecer o modelo de traballo que se está a seguir en Adigna S. Coop. Galega, de cara a establecer a posibilidade de transferencia de coñecementos, técnicas e metodoloxías de xestión dende esta entidade cara ao colectivo e do resto de participantes entre si.
- Xerar un espazo de coñecemento mútuo e promoción de posibles accións de cooperación entre as cooperativas e persoas participantes.

PROGRAMA - CONTIDOS

10:00 h. - Benvida e presentación das persoas e cooperativas participantes.
 10:15 h.- Presentación do Programa Itinerarios de Intercooperación – Edición 2022.
 10:30 h.- Posta en común sobre a aplicación da LOMLOE en Galicia. Novidades, calendario e fitos a destacar. Opcións de intercooperación entre os centros.
 11:45 h.- Pausa Café.
 12:15 h.- Visita ás instalacións de Adigna S. Coop. Galega.
 14:00 h.- Peche do encontro.

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios e tirar conclusións sobre a situación do cooperativismo de ensino, que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

- Cooperativas socias de EspazoCoop de forma preferente.
- Outras cooperativas galegas (non asociadas á Unión).



Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2022 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.